



ACORDO DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN, POLO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN COLEXIADA, DUN POSTO DE XEFE/A DE SERVIZO DE CIRURXÍA ORTOPÉDICA E TRAUMATOLOXÍA, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 18 DE OUTUBRO DE 2023 (DOG Nº 202, DO 24 DE OUTUBRO DE 2023), POLO QUE SE FAN PÚBLICOS OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO.

A base sexta da resolución do 18 de outubro de 2023 (DOG nº 202, do 24 de outubro de 2023) da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo procedemento de avaliación colexiada, dun posto de Xefe/a de Servizo de Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía dispón que, tras o acto público de defensa dos proxectos técnicos, Comisión de Avaliación elaborará un informe razoado, axustado a criterios previamente establecidos, sobre a avaliación dos aspirantes, con asignación da puntuación desagregada nos apartados de currículo profesional e proxecto técnico relacionado coa xestión do Servizo.

No que respecta ao currículo profesional, os criterios están establecidos no Anexo II da convocatoria, publicado xunto coa resolución do 26 de febreiro de 2024, pola que, en execución de resolución de recurso de alzada, se retrotrae o procedemento de selección, polo sistema de avaliación colexiada, dun posto de Xefe/a de Servizo de Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía da Área Sanitaria da Coruña e Cee, ao momento de publicación da convocatoria.

No relativo á avaliación dos proxectos técnicos, a Comisión de Avaliación, na súa sesión constitutiva, celebrada o día 6 de xuño de 2024,

ACORDA

A utilización, para a avaliación dos proxectos técnicos presentados, polos/as candidatos/as, dunha planilla de valoración, así como a publicación da mesma para coñecemento dos/as aspirantes.

Polo exposto, xúntase a planilla como Anexo á presente.

DILIXENCIA:

Para facer constar que na data da súa sinatura dixital, procédese á publicación da presente Resolución.

Asinado dixitalmente na Coruña,

MARCOS
RODRIGUEZ
PEDRO JORGE -
34994540V

Firmado digitalmente por
MARCOS RODRIGUEZ
PEDRO JORGE -
34994540V
Fecha: 2024.06.07
11:36:01 +02'00'

Pedro Jorge Marcos Rodríguez
Presidente da Comisión de Avaliación

Asinado dixitalmente na Coruña,
Javier Fernández Nistal
Secretario da Comisión de Avaliación



ANEXO

PLANILLA DE AVALIACIÓN DOS PROXECTOS TÉCNICOS NO PROCESO DE PROVISIÓN DUN POSTO DE XEFE/A DE SERVIZO DE CIRURXÍA ORTOPÉDICA E TRAUMATOLOXÍA CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 18 DE OUTUBRO DE 2023 (DOG N.º 202, DO 24 DE OUTUBRO DE 2023)

Presentación do Proxecto (Máximo 4 puntos):

COMPETENCIA	PUNTUACIÓN E COMENTARIOS
Adecuación da exposición ao proxecto escrito	
Claridade da exposición e organización na exposición do proxecto	

Análise da contorna e do servizo (Máximo 6 puntos).

COMPETENCIA	PUNTUACIÓN E COMENTARIOS
Marco contextual	
Coñecemento da contorna actual	
Análise do Servizo (recursos dispoñibles) e adecuación do proxecto a eses recursos	

Propostas organizativas e de xestión, planificación estratéxica e operativa (Ata 12 puntos)

COMPETENCIA	PUNTUACIÓN E COMENTARIOS
Adecuación do Proxecto ás liñas estratéxicas do SERGAS e da Xerencia	
Propostas de medidas de xestión na organización e na actividade de Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía	
Propostas de innovación asistencial	
Descrición de relacións transversais no hospital, na Área sanitaria e externas	
Plan de humanización	



Propostas de obxectivos concretos (Ata 8 puntos)

COMPETENCIA	PUNTUACIÓN E COMENTARIOS
Definición de obxectivos concordantes coas liñas estratéxicas da Área e o Sergas	
Obxectivos de innovación, de calidade asistencial con proposta de avaliación de resultados	
Factibilidade do proxecto en canto a demanda/oferta asistencial, sustentabilidade económica e factibilidade	